



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2008,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se aproban os estatutos de Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do treito 2 da Vía Ártabra (VG-1.3): enlace de Meirás-Veigue (AC-526), e polo proxecto de trazado do treito 3 da Vía Ártabra (AC-526): Veigue-porto de Lorbé

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para a tramitación do correspondente expediente de gasto relativo á contratación das obras de reforma e ampliación dun novo edificio para módulo residencial de asistidos da residencia de maiores do Carballiño (Ourense)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia (Reino de España), por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a *Fundación Dominicana para la Solidaridad INC*, para a execución do proxecto de *Fortalecemento institucional de las organizaciones de la sociedad civil de barrio de la Mosca-Sta Lucía, en Santiago de los Caballeros, República Dominicana*
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a entidade Asociación *Maia Oxib`noj* (AMON), para a execución do proxecto de *Fortalecemento comunitario en el marco del Oxlajuj Tz`ikin, en los municipios de Champerico e Retalhuleu, Guatemala*



- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e a *Asociación de Chira para la formación técnica-cuenca hidrográfica Catamayo-Chira*, para a execución do proxecto de *Gestión sostenible de la subcuenca del Chipillico, Piura-Perú*

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de dez millóns catrocentos vinte e nove mil novecentos cincuenta e oito euros con setenta e sete céntimos de euros (10.429.958,77 euros), correspondente á obra do proxecto de seguridade viaria na PO-325. Treito Vigo: 0+000 ao 8+650
- Acordo polo que se autoriza o gasto por unha contía de doce millóns cento vinte e sete mil setenta e un euros con noventa e tres céntimos de euro (12.127.071,93 euros), correspondente á obra do proxecto de seguridade viaria na PO-325, Treito:Nigrán: 8+650 ao 15+790

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CIG, CC.OO, UGT e CSIF, sobre a xornada de traballo do persoal subalterno que presta servizos nos centros educativos, e sobre as retribucións do persoal subalterno e do persoal auxiliar administrativo que prestan servizos nos centros educativos públicos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME)*, para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e á mellora competitiva do sector metalúrxico galego



- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Lugo, para o proxecto de rexeneración do pavimento na vía de acceso ao Polígono Industrial do Ceao desde a rolda Norte
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello do Porriño, para o proxecto de ampliación do enlace sur do Polígono Industrial das Gándaras
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Monforte de Lemos, para o proxecto de investimentos no Polígono Industrial de Reboredo

CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Consello Regulador da Indicación Xeográfica Protexida *Tenera Gallega*, para a realización dun estudo sobre parámetros de calidade da carne amparada por esta indicación xeográfica protexida
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura de convenios para a realización de obras de infraestrutura rural con diversos concellos, no marco do Plan do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM FEADER-Cerceda...Verea)

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Becerreá, para a execución da obra de acondicionamento e mellora do abastecemento no núcleo de Becerreá. Becerreá (Lugo), clave OH.227.509, por un importe de douscentos dous mil oitocentos sesenta e oito euros con dezanove céntimos (202.868,19 euros)
- Acordo polo se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Amoeiro, para a execución das obras de infraestruturas básicas no concello de Amoeiro. Amoeiro (Ourense), clave OH.532.634, por importe de cincocentos noventa e un mil trescentos noventa e dous euros con catro céntimos (591.392,04 euros)



- Acordo polo se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello da Guarda, para a execución da obra da Rede de pluviais na rúa A Rocha, parroquia de Salcidos. A Guarda (Pontevedra), clave OH.336.793, por un importe de sesenta e sete mil novecentos cincuenta e cinco euros con quince céntimos de euro (67.955,15 euros)
- Acordo polo se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Padrenda, para a execución da obra de abastecemento e saneamento en varios núcleos do concello de Padrenda. Padrenda (Ourense), clave OH.532.615, por un importe de trescentos setenta e dous mil cincocentos euros (372.500 euros)
- Acordo polo se aproba a colaboración técnica e financeira da Xunta de Galicia co Concello de Ourense, para a execución da obra de Depósito de rotura en Regoufe-Velle. Ourense (Ourense), clave OH.232.614, por un importe de catrocentos quince mil euros (415.000 euros)

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio da colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo, para a alugamento de seis vivendas no marco do programa de erradicación do chabolismo
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto de carácter plurianual derivados da orde pola que se convocan seis bolsas de formación e especialización en materia de vivenda

INFORMES

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe conxunto da Consellería de Sanidade e da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos sobre a seguridade alimentaria dos produtos do mar



O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIRAS E ENXEÑEIROS QUÍMICOS DE GALICIA

O Consello da Xunta aprobou hoxe os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiras e Enxeñeiros Químicos de Galicia. O colexio agrupará obrigatoriamente todas as persoas españolas e estranxeiras que, por estaren en posesión do título oficial de enxeñería química expedido polo Estado –ou dos títulos comunitarios ou estranxeiros homologables a estes-, desenvolvan actividades propias da profesión en razón destes títulos con domicilio profesional na comunidade autónoma.

O texto establece que quedan exentos da colexiación obrigatoria os profesionais vinculados coa Administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral cando o destinatario da súa actuación -ben sexa para o exercicio de funcións administrativas, ou ben para a realización de actividades propias da profesión por conta da Administración a que pertenza- sexa esa Administración.

Obxectivos do colexio

Entre os fins esenciais do colexio están a ordenación do exercicio da enxeñería química en todas as súas formas e especialidades; a representación exclusiva desta profesión e a defensa dos intereses profesionais dos titulados; velar pola satisfacción dos intereses xerais relacionados co exercicio da enxeñería química mediante a promoción, salvagarda e observancia dos seus principios deontolóxicos e éticos; lograr a constante mellora do nivel de calidade das prestacións profesionais dos colexiados; cooperar na mellora dos estudos que conducen á obtención do título correspondente; e colaborar coas administracións públicas na consecución dos dereitos individuais e colectivos da profesión.

Para o cumprimento destes obxectivos, o colexio facilitaralles aos seus membros o exercicio da profesión; asesorará as administracións públicas, corporacións oficiais e particulares nos asuntos que as afecten e emitirá os informes que se lle requiran sobre os proxectos de lei e as disposicións de calquera rango que teñan incidencia na actividade da enxeñaría química. Ademais, exercerá a representación e defensa da profesión e participará nos organismos consultivos das distintas administracións públicas en materia da súa competencia profesional; cooperará coa Xustiza e demais organismos oficiais na designación de colexiados que puidesen ser requiridos para realizar informes, ditames, taxacións, peritaxes ou outras actividades profesionais; ordenará no ámbito das súas atribucións a actividade profesional dos seus membros; establecerá baremos de honorarios; impedirá casos de intrusismo; e organizará actividades e servizos de interese para os colexiados, entre outros.



Colexiación

De acordo co establecido nos estatutos, as persoas que desexen ser colexiadas deberán posuír o título universitario oficial de enxeñeiro químico. A colexiación de estranxeiros rexeráse pola normativa comunitaria –no caso de pertencer aos Estados membros da Unión Europea- e pola lexislación española, unha vez posúan o permiso de residencia.

Dereitos e deberes dos colexiados

Finalmente, o decreto recolle tamén o catálogo de dereitos e deberes dos colexiados, así como os órganos de representación do colexio, que son a Asemblea xeral, a Xunta de Goberno e o presidente.



O GOBERNO GALEGO INICIA O PROCESO EXPROPIADOR DA VÍA ÁRTABRA ENTRE O ENLACE DE MEIRÁS E O PORTO DE LORBÉ

- *Trátase dun percorrido de 4,3 quilómetros que contará cun orzamento de preto de 16 millóns de euros*
- *A actuación aprobada hoxe é continuación do tramo entre a Nacional VI e o enlace de Meirás, que se atopa en fase de licitación*
- *O orzamento total estimado para a construción da Vía Ártabra ascende a 140 millóns de euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola construción da Vía Ártabra no treito que vai desde o enlace de Meirás ata o porto de Lorbé. Trátase dun percorrido de 4,3 quilómetros de lonxitude cuxo orzamento de construción estimado ascende a preto de 16 millóns de euros, dos cales case tres millóns se destinarán ao pagamento das expropiacións das 417 predios afectados nos termos municipais de Oleiros e Sada. A nivel construtivo, o percorrido divídese en dous subtreitos, un que vai do enlace de Meirás ata Veigue (de 3,2 quilómetros), e outro desde Veigue ata o porto de Lorbé (de case 1,1 quilómetros de lonxitude)

O inicio do proceso expropiador para a construción do tramo entre o enlace de Meirás e o porto de Lorbé da Vía Ártabra autorízase logo de que a CPTOPT sacara a concurso, o pasado mes de xullo, as obras de construción do tramo entre a nacional VI e o enlace de Meirás, de 7,2 quilómetros de lonxitude.

A Vía Ártabra configúrase como unha vía de altas prestacións que discorrerá entre o porto de Lorbé e a autovía do Noroeste e na cal a Consellería de Política Territorial investirá un total estimado de 140 millóns de euros. Esta actuación, que forma parte do Plan sectorial da rede arterial da Coruña (incluída no Plan Director de Estradas de Galicia), permitirá artellar mellor as comunicacións viarias dos concellos de Oleiros e Sada completando as actuais estradas secundarias e locais, redistribuíndo e separando os tráxicos de curto e longo percorrido e incrementando así a mobilidade dos cidadáns. Esta nova infraestrutura constitúe tamén unha peza clave para optimizar a funcionalidade da rede de vías de alta capacidade que articulan a cidade coa súa área de influencia.

Trátase dunha infraestrutura totalmente gratuíta que estará conectada coa autovía do Noroeste (A-6) e a estrada N-VI, e que tamén lles posibilitará aos usuarios acceder á autoestrada do Atlántico (AP-9). Permitirá, polo tanto, mellorar as comunicacións e a seguridade viaria nos concellos da área metropolitana da Coruña, nos cales viven máis de 340.000 cidadáns.

A XUNTA INVISTE 6,5 MILLÓNS DE EUROS NA REFORMA E AMPLIACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DO CARBALLIÑO



- ***As obras inclúen a construción dun pavillón con 59 habitacións e servizos xerais e a mellora da seguridade e da habitabilidade nas instalacións existentes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar das obras de reforma e ampliación dun novo edificio para o módulo residencial de asistidos na residencia de maiores do Carballiño. Esta actuación ten un orzamento de 6.420.275 euros, que se distribuirán en tres anualidades, correspondentes a 2008, 2009 e 2010.

As obras consistirán na construción dun novo pavillón para residentes con dependencia, así como traballos de reforma no inmoble xa existente para mellorar a súa seguridade e habitabilidade.

O novo pavillón para persoas con dependencia dividirase en dúas áreas, unha para servizos xerais e outra para aloxamento. A primeira acollerá unha zona de servizos xerais con comedores, cociña, lavandaría, salón social, dúas alas de usos múltiples, aseos e sala de rehabilitación. Pola súa parte, na área de aloxamentos crearanse 59 habitacións, das que 24 serán para persoas asistidas, 20 para psicoxeriatria e 11 para enfermos crónicos, ás cales se suman as 4 de enfermaría. Cada un destes módulos de habitacións contará con cadansúa zona de recepción, sal ade estar-comedor, oficio, aseo de persoal, cuartos de limpeza e almacéns.

Melloras nas instalacións existentes

As obras para mellorar a seguridade e a habitabilidade das instalacións xa existentes afectarán unha superficie de 875 metros cadrados. Ao remate dos traballos, esta zona contará con 14 habitacións, todas elas con aseo adaptado e con maior superficie por usuario que as actuais. Crearase, así mesmo, unha zona de acceso nova en conexión co novo edificio, ampliaranse e reformaranse vestiarios, e incorporaranse novas dependencias de administración e despachos médicos. Os traballos que se van realizar inclúen tamén o cambio da cuberta.

Por outra parte, no proxecto prevese a demolición dunha das dúas alas actuais do centro, que ocupa 617 metros cadrados e que alberga 10 habitacións.

Estas obras, que teñen un prazo de execución estimado de 20 meses, enmárcanse no Plan integral de mellora de centros (P.I.M.) co que a Xunta pretende mellorar os centros de atención residencial de titularidade autonómica en Galicia, as súas instalacións e os servizos prestados.



A XUNTA PROMOVE O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE COOPERACIÓN NA REPÚBLICA DOMINICANA QUE BENEFICIARÁ A CASE 500 FAMILIAS

- ***O convenio será asinado coa Fundación Solidaridad, entidade recoñecida neste país iberoamericano, e está dotado con 77.000 euros***
- ***As accións centraranse en fortalecer a sociedade civil do barrio de Santa Lucía/La Mosca, en Santiago de los Caballeros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a *Fundación Solidaridad* co obxecto de promover accións de cooperación ao desenvolvemento na cidade de Santiago de los Caballeros, na República Dominicana. Ao abeiro deste convenio, dotado con 76.938 euros, poranse en marcha accións específicas de fortalecemento da sociedade civil que beneficiarán un total de 489 familias do país.

A República Dominicana é un país prioritario para Galicia, tal e como se establece no I Plan Director de Cooperación Galega. As accións que se desenvolverán ao abeiro deste convenio encádranse no Programa de desenvolvemento integral Santa Lucía/La Mosca-Cienfuegos, que traballa para atallar as consecuencias que produce un vertedoiro instalado neste barrio.

En paralelo á posta en marcha dun programa de desenvolvemento integral que conta cun importante compoñente ambiental e social, incidindo de xeito especial na educación ambiental, fomentaranse estratexias de desenvolvemento que redunden na poboación de La Mosca. Así, promoverase a certificación das organizacións sociais do barrio e a posta en marcha dunha política de relacións entre este barrio e o Goberno local. Igualmente, incentivaranse instrumentos de participación democrática entre a sociedade civil.



O CONSELLO ACORDA DESTINAR PRETO DE 150.000 EUROS AO PRIMEIRO DOS PROGRAMAS DA INICIATIVA DE DESENVOLVEMENTO INTEGRAL QUE A XUNTA PROMOVERÁ EN GUATEMALA OS VINDEIROS CATRO ANOS

- ***A iniciativa de desenvolvemento integral en Guatemala é pioneira nas accións de cooperación directa da Xunta de Galicia***
- ***O convenio, cuxa sinatura aprobou hoxe o Goberno galego, será asinado entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e a Asociación Maya Oxib'Noj***

Máis de 20.000 persoas de 18 comunidades indíxenas da costa sur de Guatemala contarán co apoio do Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, grazas ao proxecto de desenvolvemento integral que se levará a cabo durante os vindeiros catro anos. O Consello da Xunta acordou hoxe destinar 148.600 euros ao primeiro dos programas desta iniciativa, encamiñado á sinatura dun convenio de colaboración coa *Asociación Maya Oxib'Noj* para o fortalecemento da organización comunitaria en 17 núcleos rurais e nunha asociación de pescadores nos municipios de Champerico e Retalhuleu.

A intervención que se desenvolverá ao abeiro deste convenio consistirá en incrementar as capacidades da poboación para desenvolver propostas de desenvolvemento e xestión comunitaria. Deste xeito involucraranse todos os actores comunitarios na determinación das súas necesidades prioritarias, das accións para liquidalas, da execución e da análise dos resultados e impactos.

O mesmo proceso promoverá que a participación sexa equitativa e igualitaria desde a presenza de homes e mulleres, mozos e adultos producindo así propostas mediante o intercambio de coñecementos e experiencias. Dentro das tarefas que se van realizar a través deste convenio, destaca a realización de reunións e obradoiros comunitarios para reflexionar e construír capacidades partindo do seu propio enfoque cultural cara ao enfoque de xénero, ademais de proporcionar espazos de intercambios de experiencias e concretar a construción de propostas de desenvolvemento.

Esta é a primeira entrega do programa chamado *Oxlajuj tz'ikin* (Día da Fortuna no calendario maia), que é o primeiro programa integral que lidera a Xunta e que actuará en diferentes eidos por un período de tempo que permite analizar, xestionar e avaliar axeitadamente a iniciativa, dotada na súa totalidade con 5,7 millóns de euros.



O GOBERNO GALEGO FAVORECERÁ, AO ABEIRO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN, A XESTIÓN SUSTENTABLE DA SUB-BACÍA DO RÍO CHIPILICO, NO NORTE DO PERÚ

- ***O convenio será asinado coa Asociación Chira, que conta coa municipalidade do distrito das Lomas, a Municipalidade do distrito de Sapollica e a municipalidade do distrito de Frías***
- ***As accións que se inclúen no convenio beneficiarán a unha das zonas máis esquecidas do Perú e está dotado con 230.000 euros***

A Xunta destinará un total de 230.000 euros á posta en marcha dun proxecto que beneficiará unha das zonas menos desenvolvidas de Perú, logo de que o Consello autorizase este xoves a sinatura dun convenio entre a Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, e distintas institucións deste país andino. En concreto, trátase de promover a xestión sustentable da sub-bacía do Chipilico, no norte de Perú.

A sub-bacía do Chipilico caracterízase pola case nula presenza de intervencións doutras institucións de desenvolvemento, ben sexan organismos de cooperación internacional ou ben organizacións non gobernamentais.

O proxecto incide sobre tres dimensións principais: institucionalidade e desenvolvemento de capacidades (habilidades da xestión política), recursos naturais (auga, solo e vexetación) e desenvolvemento produtivo (diversificación). Con este proxecto preténdese garantir a sustentabilidade ambiental na zona, procurando así o cumprimento do mercado neste eido nos Obxectivos do Milenio, promovidos polas Nacións Unidas.

O convenio que se porá en marcha proximamente encádrase no *Plan binacional do río Catamayo Chira* e nel coparticipan, ademais da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, os gobernos peruano, ecuatoriano e a AECID.

Perú é un dos países prioritarios para a Dirección Xeral de Cooperación Exterior da Xunta, segundo se reflicte no I Plan Director de Cooperación Galega 2006-2009. Este país ten unha poboación estimada en 28 millóns de persoas, dos que grandes sectores están en situación de exclusión social e política, sobre todo a poboación rural, a indíxena e a que reside no interior. A pobreza afecta máis da metade da poboación e a extrema pobreza afecta o 25%.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O GASTO DE 22,5 MILLÓNS DE EUROS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E A INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA DA ESTRADA VIGO-A RAMALLOSA

- ***A Consellería de Política Territorial creará un paseo costeiro de preto de 16 quilómetros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes o gasto de 22,5 millóns de euros na obra de mellora da seguridade viaria e integración paisaxística da estrada Vigo-A Ramallosa (PO-325). Este proxecto atópase en fase de expropiacións logo de que o Consello xa aprobase tamén a declaración de utilidade pública dos terreos necesarios para acometer as obras. A CPTOPT destinará ao pagamento destas expropiacións outros 6 millóns de euros, así como 1,27 millóns á reposición de servizos afectados, o que supón un investimento total nesta actuación duns 30 millóns de euros.

A reforma integral da PO-325 que realizará a CPTOPT suporá a reordenación do tráfico e consecuentemente unha mellora da súa seguridade viaria, así como a integración paisaxística desta estrada nos seus 15,79 quilómetros entre Vigo e A Ramallosa (Nigrán), ata o límite municipal con Baiona. Esta actuación de rexeneración viaria inclúe, como principal novidade, a recuperación de espazos nas marxes da estrada que ata o de agora estaban inutilizados e mesmo eran perigosos para os peóns e outros usuarios. Deste xeito, Política Territorial creará un paseo de preto de 16 quilómetros paralelo á estrada que estará destinado ao lecer e disfrute da cidadanía nun itinerario que discorre sobre as antigas vías do tranvía Vigo-Baiona, preto do mar e cunhas magníficas vistas.

Así mesmo, o proxecto prevé obras de mellora da seguridade viaria da estrada a través dunha reordenación dos actuais cruzamentos, que serán substituídos por glorietas. Adecuarase así a estrada aos seus usos de curto percorrido e residenciais evitando manobras perigosas.

Esta actuación de mellora da seguridade e posta en valor do corredor costeiro entre Vigo e Baiona, cun grande atractivo visual e moi empregado na actualidade tanto por peóns coma por ciclistas, verase complementado e continuado con actuacións similares ata Gondomar e A Guarda. Así, ata A Guarda, a CPTOPT xa está a redactar o proxecto para mellorar a estrada nos seus preto de 30 quilómetros e, igualmente, está en fase de licitación a redacción do proxecto para o treito entre A Ramallosa e Gondomar, ao longo de 5,7 quilómetros. Todas estas actuacións de mellora da seguridade viaria e integración paisaxística impulsadas pola Consellería de Política Territorial e recollidas no Plan *Vigo Íntegra* suman 52 quilómetros de lonxitude.



O GOBERNO GALEGO E OS SINDICATOS ACORDAN MELLORAS PARA O PERSOAL SUBALTERNO E AUXILIAR ADMINISTRATIVO DOS CENTROS EDUCATIVOS

- ***O Consello da Xunta autorizou este acordo, que regula a xornada de traballo do persoal subalterno***
- ***O convenio establece un incremento das retribucións do persoal subalterno e do persoal auxiliar administrativo que prestan servizo nos centros educativos***
- ***A iniciativa beneficiará a un total de 1.312 subalternos e auxiliares administrativos que prestan servizos nos centros educativos dependentes da Administración educativa galega***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CIG, CC.OO, UGT e CSIF sobre a xornada de traballo do persoal subalterno que presta servizos nos centros educativos, así como sobre as retribucións do persoal subalterno e auxiliar administrativo que presta servizos nos centros educativos dependentes desta consellería.

A xornada de traballo do persoal funcionario do corpo subalterno que presta servizos nos centros educativos dependentes da Administración educativa galega debe ser a fixada con carácter xeral para o persoal funcionario, é dicir, de 37 horas e 30 minutos á semana. Non obstante, as singularidades que se presentan nos centros educativos exixen o establecemento e a inclusión na relación de postos de traballo da consellería dun horario especial para o persoal pertencente ao corpo de subalternos, diferente ao establecido con carácter xeral.

Neste senso, o acordo establece unha serie de normas para a xornada de traballo do persoal subalterno que presta servizos nos centros educativos dependentes da consellería. Así, fixa que os horarios do persoal de administración e servizos forman parte do documento de organización do centro e poderán ser consultados en calquera momento por todos os membros da comunidade educativa.

Do mesmo xeito, a xornada de traballo para este colectivo terá a duración máxima de 37 horas e 30 minutos semanais, establecida de forma xeral para todos os funcionarios públicos, e poderá ter en conta horarios específicos nos períodos non lectivos, deberá, en todo caso, compensarse, polo menos, a redución horaria derivada do horario de verán que, se é o caso, se estableza.

A xornada desenvolverase entre as 7.45 horas e as 23.00 horas, de luns a venres, e deberá cumprirse integramente no centro ou centros educativos en que o funcionario estea destinado, en xornada continuada ou partida, de acordo coas necesidades de cada centro. O acordo establece ademais que se lle garantirá ao funcionario un descanso mínimo de 12 horas entre cada quenda de traballo. A xornada de traballo non excederá, con carácter xeral, de sete horas e media ao día.



A xornada de traballo e os horarios estableceranse por un curso académico, entendéndose automaticamente prorrogado, agás que se produzan cambios no centro educativo que aconsellen a súa modificación. Esta prórroga automática é de aplicación aos horarios aprobados no ano académico 2007-2008.

O acordo tamén incide na mellora das retribucións do persoal subalterno e do persoal auxiliar administrativo que prestan servizos nos centros educativos dependentes da consellería, cun incremento mensual de entre 66,62 e 70 euros, dependendo do grupo.

Estas melloras benefician os 732 subalternos e os 580 auxiliares administrativos que prestan servizos nos centros educativos dependentes da Administración educativa galega.



A XUNTA ACHEGA 178.200 EUROS PARA A DIVERSIFICACIÓN PRODUTIVA DO SECTOR METALÚRXICO CARA Á AERONÁUTICA

- ***O Goberno galego asinará un convenio de colaboración con ASIME para desenvolver, entre outras, actuacións centradas na internacionalización e potenciación do sector aeronáutico***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería de Innovación e Industria a asinar un convenio de colaboración coa *Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia (ASIME)* para a realización de actuacións que contribúan ao desenvolvemento e mellora competitiva do sector metalúrxico galego a través da diversificación de parte da súa capacidade produtiva no sector da aeronáutica. O departamento autonómico achegará un total de 178.000 euros a este convenio que recolle a execución de cinco liñas de actuación.

En primeiro lugar, o convenio prevé a contratación dunha empresa externa para levar a cabo estudos de campo e visitar todas as empresas que poidan ter potencialidades para introducirse no sector aeronáutico galego. Este plan estará complementado coa posta en marcha de cursos de formación específicos para acadar un número maior de empresas interesadas no sector.

A segunda actuación é a organización de visitas a plantas, fábricas e feiras de interese do sector aeronáutico, como poden ser as factorías de Airbus en Toulouse (Francia), Airbus (Xetafe), Eads Casa (Madrid), Tecar (Sevilla) ou a feira Plastimagen en México. Tamén se organizarán misións comerciais directas ou inversas orientadas ao sector aeronáutico os Estados Unidos, México, Arxentina, Francia e Alemaña, entre outros países.

O convenio que asinarán Innovación e Industria e Asime recolle tamén o desenvolvemento de xornadas divulgativas do sector aeronáutico e de interese para as súas oportunidades de negocio e mais a realización e divulgación de material promocional das actividades e proxectos relacionadas co sector.



O GOBERNO GALEGO INVISTE CASE 500.000 EUROS EN OBRAS DE MELLORA DE POLÍGONOS INDUSTRIAIS DE LUGO, MONFORTE E O PORRIÑO

- *A Consellería de Innovación investirá máis de 245.000 euros na rexeneración do pavimento da vía de acceso ao polígono lugués do Ceao dende a Rolda Norte*
- *O Consello da Xunta acorda investir máis de 130.000 euros para actuacións de mellora do polígono industrial de Reboredo, en Monforte de Lemos*
- *Destina máis de 100.000 euros para a ampliación do enlace sur do polígono industrial das Gándaras, no concello do Porriño*

O Consello da Xunta acordou esta mañá autorizar a sinatura de tres convenios de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e os concellos de Lugo, Monforte de Lemos e O Porriño para a realización de actuacións de mellora dos polígonos industriais do Ceao, Reboredo e As Gándaras, respectivamente. Os convenios recollen accións por importe de máis de 642.000 euros dos que Innovación achegará o 75% dos investimentos, ata acadar máis de 480.000 euros.

Polígono do Ceao

O convenio autorizado entre Innovación e o Concello de Lugo vai permitir a mellora do pavimento da vía de acceso ao Polígono do Ceao dende a Rolda Norte. O orzamento que destinará a Xunta a esta actuación, que ascende a 245.117 euros, cobre o 75% do custo total do proxecto.

O proxecto abrangue, ademais da rexeneración do pavimento para garantir a seguridade do tráfico rodado, a construción dunha canalización de desaugadoiros do tráfico das augas da charca anexa á vía en épocas de chuvia, garantindo unha cota máxima da lámina de auga que impida o rebordamento desta cara á estrada.

O investimento da Consellería de Innovación e Industria repartirase en dous exercicios entre o 2008 e o 2009, cun investimento anual de 122.558 euros.

Monforte

O convenio de colaboración autorizado entre a Consellería de Innovación e o Concello de Monforte de Lemos permitirá continuar coa modernización e adecuación do polígono industrial de Reboredo. O custo desta actuación, que ascende a 133.246 euros, cobre o 75% do custo total do proxecto.

Esta intervención daralle continuidade ás obras de mellora desenvoltas en 2007 consistentes en actuacións de mellora da iluminación pública, na colocación de carteis informativos do polígono e en labores de limpeza e acondicionamento do contorno. Co proxecto previsto no novo convenio que se asinará entre Innovación e Industria e o Concello de Monforte de Lemos, continuarase coa reforma do alumeadado público, renovarase a rede de saneamento para mellorar a separación de augas residuais e



pluviais e, por último, realizaranse pequenas obras que complementarán a sinalización das vías.

Con estas achegas, en dous exercicios entre o 2008 e o 2009, a Consellería de Innovación e Industria contribuirá a mellorar os servizos ofertados polo parque empresarial e incentivará o crecemento industrial da comarca.

O Porriño

Finalmente, o convenio de colaboración entre a Innovación e o Concello do Porriño permitirá mellorar o enlace sur de acceso ao Polígono Industrial das Gándaras. O convenio autorizado hoxe prevé un investimento por parte do departamento autonómico de 103.156 euros (o 75% do custo total do proxecto).

A intervención nesta vía corraxirá a deterioración actual do seu pavimento para o tráfico rodado que accede tanto ao polígono, no que se localiza o Parque Comarcal de Bombeiros e 91 empresas, coma ao núcleo rural do barrio de Orbenlle (parroquia de San Salvador de Budiño) e á zona leste do Espazo Natural das Gándaras. Ademais, o proxecto de ampliación permitirá acondicionar a vía para o tránsito dos peóns en condicións de seguridade, cuestión importante dado que por ela discorre o Camiño de Santiago na súa variante portuguesa.

A Consellería de Innovación e Industria repartirá os seus investimentos en dous exercicios entre o 2008 e o 2009, achegando unha subvención anual de 51.578 euros.



A XUNTA FINANCIA UN ESTUDO SOBRE OS PARÁMETROS DE CALIDADE DA CARNE DA INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA *TERNERA GALLEGA*

- ***A Consellería asinará un convenio de colaboración co Consello Regulador de Ternera Gallega para controlar e fomentar a calidade amparada pola indicación xeográfica protexida***
- ***Este estudo, financiado con 560.000 euros para o período 2008-2010, abarcará anualmente máis de 100.000 animais e 75.000 canais, con datos que serán tomados de forma individualizada e con rastrexabilidade en todos os pasos da cadea produtiva para a súa posterior análise e valoración***

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, asinará un convenio de colaboración co Consello Regulador da IXP, para realizar un estudo sobre parámetros de calidade da carne amparada por *Ternera Gallega*. Este estudo, financiado con 560.000 euros para as campañas 2008, 2009 e 2010, abarcará anualmente máis de 100.000 animais e 75.000 canais, con datos que serán tomados de forma individualizada e con rastrexabilidade en todos os pasos da cadea produtiva para a súa posterior análise e valoración.

Trátase dunha investigación sobre a composición, as propiedades nutricionais e a calidade da carne de vacún producida na nosa comunidade baixo o amparo da indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega*, que será iniciada coa recollida de mostras tanto de animais vivos, nas explotacións, como nas canais, nos matadoiros. A IXP contribuirá ao desenvolvemento do estudo achegando os medios necesarios para a toma dos datos necesarios e a realización das análises que se planifiquen e, a partir destes datos e dos resultados analíticos, o Consello Regulador da IXP elaborará os informes e as conclusións que lle facilitará á consellería. Ademais, este convenio prevé a investigación e o desenvolvemento metodolóxico para o control de novas substancias, co obxectivo de ofrecer en todo momento as máximas garantías alimentarias. Isto é un reflexo da importancia da IXP e o interese da consellería por avaliar os parámetros de calidade da carne que ampara, e a súa adaptación ás exixencias e necesidades actuais do mercado e dos consumidores.

A sinatura deste convenio baséase na importancia da produción de carne de vacún como un dos piares estratéxicos do sector agroalimentario en Galicia e da indicación xeográfica protexida *Ternera Gallega* como unha das ferramentas que axudan a manter o seu recoñecemento, levando a cabo actuacións en torno ao desenvolvemento e á mellora técnica das explotacións gandeiras das industrias cárnicas galegas, para o aseguramento da calidade da carne de vacún que se produce no país. Na IXP *Ternera Gallega* están inscritas actualmente preto de 6.500 explotacións gandeiras con actividade, superando os 110.000 tenreiros controlados e certificadas máis de 16.000 toneladas de carne que se comercializan baixo a marca *Ternera Gallega*, o que supón o 35% da carne de vacún producida en Galicia.



A XUNTA INVISTE PRETO DE 500.000 EUROS NA MELLORA DAS DOTACIÓNS BÁSICAS DO SECTOR PRODUTIVO EN SEIS CONCELLOS, DENTRO DO PROGRAMA DE INFRAESTRUTURAS NO MEDIO RURAL

- ***A Consellería do Medio Rural asinará convenios cos concellos de Cerceda, Coirós, Begonte, Outeiro de Rei, Vilalba, Piñor e Vereá para acometer proxectos de dinamización da base produtiva e de obras de servizos básicos***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a asinar convenios cos concellos de Cerceda, Coirós, Begonte, Outeiro de Rei, Vilalba, Piñor e Vereá para a realización de obras de infraestrutura rural, no marco do Plan do Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural. O acordo prevé actuacións por importe de 479.898 euros distribuídos nas anualidades 2008, 2009 e 2010 e serán financiadas con fondos propios da Xunta de Galicia.

Esta nova fase do Programa de Infraestruturas no Medio Rural prevé a realización de proxectos nestes sete concellos, desenvolvidos de acordo con criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; as infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería. Estes criterios aplícanse desde o ano 2006, logo de seren consensuados coa Fegamp.

Este programa naceu co fin de racionalizar os investimentos en obras de infraestruturas destinadas a mellorar a calidade de vida dos habitantes das zonas rurais e a potenciar o seu desenvolvemento, coa dotación de equipamentos públicos e de servizos básicos elementais necesarios para contribuír a fixar poboación.



O CONSELLO DA XUNTA ACORDA INVESTIR MÁIS DE 200.000 EUROS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO EN BECERREÁ (LUGO)

- ***As obras autorizadas hoxe polo Goberno galego teñen un prazo de execución de oito meses***
- ***O proxecto inclúe a recuperación e acondicionamento do depósito xeral dos núcleos de Becerreá, Lamas, Cruzul e Furco***
- ***Tamén está prevista a substitución das conducións en mal estado e a instalación dun sistema de control do gasto de auga para detectar as perdas por avarías***

A Consellería de Medio Ambiente investirá 202.868 euros no acondicionamento e a mellora do abastecemento en Becerreá (Lugo). O Consello da Xunta autorizou esta mañá a colaboración técnica e financeira entre a consellería e o Concello para a execución das obras.

As actuacións de mellora do abastecemento desenvolveranse nos núcleos de Becerreá, Lamas, Furco e Cruzul, e contan cun prazo de execución de oito meses. Deste xeito, optimizarase o funcionamento das conducións e das estruturas de abastecemento da zona, así como a subministración de auga continua e de calidade nos núcleos de Becerreá.

As obras inclúen a recuperación ou o acondicionamento do depósito xeral de Becerreá, Lamas e Furco, así como a substitución das conducións en mal estado ou as realizadas con materiais en desuso, coma o fibrocemento.

Por outro lado, un sistema de claves permitirá alternativas de subministración da auga á zona do Castelo, a máis elevada de Becerreá, que actualmente ten un abastecemento descontinuo e insuficiente. Tamén se instalará un sistema de control de gasto de auga para detectar as perdas por avarías e as acometidas ilegais. Ademais, no núcleo de Becerreá realizarase un pequeno treito de saneamento afectado polas obras e a limpeza e recuperación das fontes públicas.

A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, financiará a totalidade das actuacións. O investimento distribuirase en dúas anualidades: 20.286 no 2008 e 182.581 no vindeiro ano.



O GOBERNO GALEGO DESTINA MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS A OBRAS DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NOS CONCELLOS OURENSÁNS DE PADRENDA, AMOEIRO E OURENSE

- *No concello de Amoeiro as obras consistirán na mellora das redes de abastecemento e saneamento e a instalación de sistemas de depuración en nove núcleos do municipio, cun orzamento de 591.392 euros*
- *Regoufe, en Velle (Ourense), contará cun depósito de rotura de 1.500 m³ para garantir o abastecemento na parroquia e zonas anexas*
- *A Xunta investirá 372.500 euros na dotación de infraestruturas aos núcleos de Carballal, Casal de Veco, Gresufe, O Mato e A Notaria, no concello de Padrenda*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o investimento de 1,3 millóns de euros en obras de abastecemento e saneamento na provincia de Ourense. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible asumirá a colaboración técnica e económica entre o departamento autonómico e os concellos de Amoeiro, Ourense e Padrenda para a execución destas actuacións.

Así, no concello de Amoeiro, o Goberno galego investirá 591.392 euros en obras hidráulicas, entre as que se inclúen a construción de sistemas de depuración en nove núcleos do municipio.

Por outra parte, no concello de Ourense a consellería acometerá a instalación dun depósito de rotura (depósito para romper a carga de presión da auga), por un importe de 415.000 euros para o abastecemento do núcleo de Regoufe, na parroquia de Velle; mentres que en Padrenda as obras consistirán na dotación de saneamento a núcleos que carecen do servizo, por un importe de 372.500 euros.

Amoeiro

A Xunta destinará 591.392 euros para a ampliación e a mellora dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración de varios núcleos no concello ourensán de Amoeiro.

A rede de saneamento terá unha lonxitude de 4.412 metros para os treitos principais e 743 metros para os secundarios. Tamén se proxectan sistemas de depuración en nove núcleos do municipio. En Bóveda instalarase unha depuradora prefabricada de formigón con capacidade para 200 habitantes. As oito restantes serán depuradoras compactas, cinco con capacidade para 18 habitantes e tres preparadas para 30 habitantes.

Ademais, executaranse obras de abastecemento que inclúen unha canalización de 4.400 metros de lonxitude, unha sondaxe para a captación de auga subterránea e un depósito regulador con capacidade para 55 m³ no núcleo de Bubeiras.

A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos realizará integramente o investimento en dúas anualidades: 59.139 euros no 2008 e 532.252 euros no ano 2009.



As obras teñen un prazo de execución de nove meses.

Ourense

A Consellería de Medio Ambiente investirá 415.000 euros na construción dun depósito de rotura no lugar de Regoufe, na parroquia de Velle, en Ourense. O depósito ten 1.500 m³ de capacidade para garantir o servizo de abastecemento a Velle e as zonas anexas.

As obras serán financiadas pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos mediante dúas anualidades: 41.500 euros no 2008 e 373.500 euros no vindeiro ano, e contan cun prazo de execución de seis meses.

Padrenda

A Xunta executará infraestruturas básicas de abastecemento e saneamento en varios núcleos do concello de Padrenda. As obras teñen un orzamento de 372.500 euros que serán financiados na súa totalidade pola Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. O investimento distribuirase en dúas anualidades: 37.250 euros neste ano e 335.250 no 2009.

O proxecto, que ten un prazo de execución de doce meses, permitirá dotar de rede municipal de saneamento as vivendas dos núcleos de Carballal, Casal de Veco e Gresufe, beneficiando as 70 persoas que residen habitualmente nos tres núcleos. Ademais, na Notaria dotarase de rede municipal de saneamento as vivendas que non dispoñen deste servizo. No Mato executaranse as obras de abastecemento aos seus 18 habitantes mediante o aproveitamento das augas dun manancial situado en terreos que son propiedade dos veciños.



A XUNTA INVISTE PRETO DE 68.000 EUROS NA DOTACIÓN DUNHA REDE DE PLUVIAIS NA PARROQUIA DE SALCIDOS, NA GUARDA (PONTEVEDRA)

- ***A actuación, prevista no Plan de Saneamento de Galicia, será financiada na súa totalidade por Medio Ambiente, mentres que o Concello da Guarda cederá os terreos necesarios para a construción dun colector de augas pluviais***
- ***A rede de pluviais instalarase na rúa A Rocha, na parroquia de Salcidos, e o prazo de execución do proxecto é de dous meses***

O Consello da Xunta acordou hoxe financiar, a través da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a execución dunha rede de augas pluviais na parroquia de Salcidos, na Guarda (Pontevedra).

Nestas obras, a Xunta investirá un total de 67.955 euros en dúas anualidades. Deste xeito, este ano o departamento da Xunta achegará 6.795,52 euros, e en 2009 o resto do orzamento previsto, 61.159,63 euros. Medio Ambiente financiará así o cen por cento do custo das obras, mentres que o Concello da Guarda poñerá á disposición da consellería os terreos necesarios para a súa execución.

Os traballos, unha das actuacións previstas no Plan de Saneamento de Galicia, consistirán na construción dun colector de augas pluviais na rúa da Rocha e a reposición do pavimento que quede afectado polas obras. Esta actuación ten un prazo de execución de dous meses.



O GOBERNO GALEGO SUBVENCIONA CON 61.000 EUROS O ALUGAMENTO DE 6 VIVENDAS PARA FAMILIAS DOS ASENTAMENTOS CHABOLISTAS DO CARAMUXO E SAN PAIO DE NAVIA EN VIGO

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería e o Concello de Vigo para o alugueiro destas 6 vivendas por un importe total de 105.607 euros durante 3 anos***
- ***O Concello deberá elaborar un programa de integración para cada unha destas familias e facer o seguimento***

O Consello da Xunta acordou hoxe subvencionar con de 61.194 euros o alugamento de 6 vivendas destinadas ao realoxamento doutras tantas familias que veñen dos asentamentos chabolistas do Caramuxo e San Paio de Navia, no municipio de Vigo. Esta actuación desenvólvese no marco do Programa de erradicación do chabolismo.

En virtude do aprobado hoxe polo Consello, a Consellería de Vivenda e Solo asinará un convenio co Concello de Vigo para subvencionar o alugamento destas 6 vivendas por un importe total de 105.607 euros. A Xunta achega o 65% do importe total e o Concello e as familias o 35% restante, 44.413 euros.

O Departamento autonómico fará a súa achega dividida en catro anualidades: 17.398 euros en 2008, outros 20.398 euros en 2009, 20.398 euros a cargo nos orzamentos de 2010 e 3.000 euros correspondentes á anualidade de 2011.

As vivendas serán cedidas aos chabolistas en réxime de alugamento durante un período de tres anos e a contía do alugamento mensual non poderá superar os 300 euros por vivenda, nin exceder a cantidade total presupostada no convenio.

Ademais, o convenio establece que o Concello de Vigo debe elaborar un programa de integración para cada unha destas familias nas áreas de servizos sociais, vivenda e aloxamento, educación, saúde e hixiene, formación e fomento do emprego, ademais de facer o seguimento e informar a Vicepresidencia da Xunta, que ten as competencias en materia de igualdade e benestar social.

O Concello tamén se compromete a derrubar as chabolas en que viven na actualidade estas familias e a sanear os terreos a través da recollida de entullos e limpeza do soar.

A Consellería de Vivenda e Solo ten entre as súas liñas de traballo a colaboración para a erradicación do chabolismo e da infravivenda, en actuacións solicitadas por instancia dos concellos. Neste ano 2008 a partida orzamentaria destinada á erradicación do chabolismo é de 2.020.000 euros.

A XUNTA CONVOCA SEIS BOLSAS DE FORMACIÓN EN MATERIA DE VIVENDA POR UN VALOR DE 72.000 EUROS



- ***As prazas de formación e especialización están destinadas a un arquitecto e cinco licenciados en dereito***
- ***A duración das bolsas é de 12 meses e a dotación económica mensual ascende a 1.000 euros***

A Consellería de Vivenda e Solo convoca seis bolsas de formación e especialización en materia de vivenda por un valor total de 72.000 euros. O Consello da Xunta autorizou a convocatoria destes seis prazas de formación, que están destinadas a un arquitecto e a cinco licenciados en dereito co obxecto de especializar profesionais en materia de vivenda. A duración das bolsas é de 12 meses con posibilidade de prorrogala 6 meses máis e a dotación económica mensual de cada bolsa ascende a 1.000.

O obxectivo desta iniciativa é facilitar a realización de prácticas complementarias aos estudos universitarios, facilitando deste xeito o acceso ao mercado de traballo de mozos que remataron recentemente os estudos. A liña de traballo que desenvolverán irá orientada ao estudo das subvencións da Consellería de Vivenda e Solo, ás normas do hábitat, así como outras materias relacionadas coa vivenda.

Os candidatos demandantes da bolsa deben ter aboadas as taxas para a obtención do título de arquitecto ou licenciado en dereito e, ademais, deben acreditar un coñecemento da lingua galega con nivel de perfeccionamento ou equivalente. Ao mesmo tempo, a condición de bolseiro será incompatible co desfrute doutras bolsas e non xerará unha relación laboral ou administrativa coa Xunta de Galicia .

As solicitudes deberán entregarse no Rexistro da Consellería de Vivenda e Solo, contan cun mes de prazo, unha vez que o anuncio desta orde saia publicado no DOG.



SANIDADE E PESCA INFORMAN EN CONSELLO SOBRE A SEGURIDADE ALIMENTARIA DOS PRODUTOS DO MAR

- *Desde o ano 1995, debido aos altos índices de biotoxina mariña, a extracción de vieira estivo prohibida de xeito continuado na maioría das zonas de produción de Galicia, aínda que é posible autorizar a extracción controlada deste produto se nalgún momento os niveis de toxina o permiten*
- *A Consellería de Pesca, a través do Servizo de Gardacostas, realizou entre xaneiro e agosto de 2008 máis de 11.000 inspeccións e o departamento de Sanidade levou a cabo máis de 41.000 visitas sanitarias a establecementos en 2007*

As consellerías de Sanidade e Pesca e Asuntos Marítimos informaron esta mañá aos membros do Goberno galego sobre a seguridade alimentaria dos produtos do mar na nosa comunidade autónoma. Os dous departamentos presentaron un informe no Consello da Xunta para dar conta das actuacións que realizan para o seguimento e control da calidade e salubridade dos produtos pesqueiros, especialmente, dos moluscos bivalvos, despois do importante comiso realizado a pasada fin de semana de case catro toneladas de vieira ilegal, cuxa extracción está prohibida en todo o litoral galego polos altos niveis de toxina ASP.

Segundo recolle o informe, a toxicidade ASP ten unha incidencia especialmente relevante neste molusco, xa que desenvolve un proceso de intoxicación moi rápido e a súa desintoxicación é extremadamente lenta, un proceso radicalmente distinto ao que sofren o resto das especies de moluscos bivalvos con interese comercial en Galicia. Ademais, determinadas circunstancias impiden que na vieira os niveis de toxicidade ASP cheguen a diminuír por debaixo do límite legalmente establecido polo que a súa extracción vén estando prohibida desde o ano 1995 na maioría das zonas de produción galegas.

Aínda así, nalgunhas zonas concretas, sobre todo nas de Arousa, cando os niveis de toxina así o permiten, é posible a extracción controlada deste molusco bivalvo que debe pasar sempre, en todo caso, por un proceso de evisceración (eliminación do hepatopáncreas). A extracción e comercialización da vieira regúlase a través da Orde do 15 de xaneiro de 2002.

Neste sentido, o procedemento para a autorización da extracción deberá ir precedida de resultados permisibles dos niveis de toxina, e tamén logo da solicitude dunha planta de evisceración para a extracción de cantidades determinadas de vieira nun período concreto. Así, nesta solicitude, a empresa fai constar a cantidade de vieira que é capaz de procesar diariamente.

Na solicitude, a confraría ou confrarías de pescadores implicadas establecerán a relación de embarcacións e tripulantes que van traballar na extracción. A Consellería de Pesca será a que estableza os períodos de extracción, así como os horarios de faena nas distintas zonas de produción e topes de captura.



En todo caso, mentres duran os labores de extracción, o Servizo de Gardacostas controlará a xornada de traballo no mar, e establecerá un punto único de control das capturas. Unha vez realizada a supervisión do recurso extraído, todo o produto é cargado nun vehículo acondicionado, que vai precintado, para trasladalo ata a planta de evisceración. Polo tanto, o produto está en todo momento controlado polos axentes de Pesca.

De todos os xeitos, no día de hoxe non existe ningunha zona do litoral galego en que se poida extraer vieira para a súa posterior evisceración. Polo tanto, a vieira fresca que podemos atopar hoxe nos mercados non é galega, aínda que o molusco sí pode adquirirse conxelado.

Control de biotoxinas

O control de biotoxinas en moluscos bivalvos é competencia da Consellería de Pesca e desenvólvese a través do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar), fundamentalmente a través do seu departamento de biotoxinas. As persoas dedicadas a esta tarefa no centro son 27, delas 17 traballan no laboratorio e dez na rede de mostraxes que se encarga de recoller as mostras para a súa análise.

Para levar a cabo a análise das toxinas mariñas nos moluscos bivalvos recóllense un mínimo de dez unidades de vieira en cada punto de mostraxe de cada zona de produción, obtendo un resultado no prazo de 24 horas desde que a mostra chega ao laboratorio. Actualmente en Galicia existen 16 zonas de produción de vieira que contan cun total de 25 puntos de mostraxe.

O Decreto 28/2005, do 28 de xaneiro, e a Orde do 14 de novembro de 1995 é a normativa que define o sistema de control da presenza de biotoxinas, a delimitación das zonas de produción en función dos organismos, así como as condicións para a autorización ou prohibición da extracción e posta no mercado destes organismos. Ademais, tanto a Directiva 2004/41/CE, como os regulamentos comunitarios 853 e 854/2004 estableceron os niveis de toxina permitidos, e a Directiva 97/61/CE, trasposta ao noso ordenamento xurídico a través do Decreto 98/1997 do 14 de marzo, regula especificamente a toxina amnésica (ASP) nos moluscos. Finalmente, a Orde do 15 de xaneiro de 2002 é a que regula a extracción e comercialización da vieira.

O Intecmar, con base en toda esta normativa, é quen pode ditaminar a apertura ou peche dunha zona de produción baseándose nos niveis de toxina. No caso concreto da vieira, se a concentración de toxina ASP en corpo enteiro en 10 exemplares e en dúas mostraxes consecutivas é inferior a 20 microgramos por gramo, podería autorizarse a extracción para a súa comercialización directa polas canles legalmente establecidas. Por contra, se a concentración de toxina é superior a 20 e inferior a 250 microgramos gramo, podería autorizarse a súa extracción controlada ou se os niveis son superiores a 250 microgramos por gramo, prohibiríase a extracción de vieira na zona autorizada para a extracción controlada.



Vixilancia e Control

Segundo recolle o informe, en Galicia a vixilancia e control dos moluscos nas zonas de produción son competencia da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Pola súa parte, correspóndelle á Consellería de Sanidade o control dos produtos do mar nas fases de tratamento e transformación en establecementos autorizados, o seu posterior transporte, así como a comercialización en mercados de venda.

En canto ao labor de inspección pesqueira do Servizo de Gardacostas hai que destacar que no que vai de ano (entre xaneiro e agosto) levou a cabo un total 11.667 actuacións de inspección pesqueira, das cales 2.339 se constituíron en actas de presunta infracción. Como resultado destas actuacións comisáronse 24.357,60 quilos de diversas especies pesqueiras e marisqueiras, así como 10.172 unidades de bens e medios.

Con respecto á vieira, neste mesmo período, o Servizo de Gardacostas, en moitas ocasións en colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado, desenvolveu operativos relacionados coa extracción e venda ilegal de vieira na nosa rexión. Así, entre xaneiro e agosto os axentes do Servizo de Gardacostas fixéronse con 2.297,40 quilos deste molusco bivalvo. A esta cifra habería que engadir os case 4.000 quilos comisados esta fin de semana, froito da colaboración entre Gardacostas e a Garda Civil.

Pola súa banda, a Consellería de Sanidade leva a cabo un control periódico dos moluscos bivalvos en depuradoras, centros de expedición e cocedoiros, os únicos que poden subministrar os moluscos a retallistas e restaurantes, a través dun Programa de industrias alimentarias desenvolvido pola Dirección Xeral de Saúde Pública. Así mesmo, desde o ano 1995 desenvolve un programa de salubridade de moluscos que consiste na supervisión da documentación de entrada desta especie, procedente das zonas autorizadas por Pesca, nas depuradoras e centros de expedición. En caso de detectar mercadoría mal documentada ou de procedencia non autorizada, procede ao comiso da mercadoría e á apertura do correspondente expediente.

Estes programas están reforzados coa toma de mostras de moluscos bivalvos para a súa análise microbiolóxica e de biotoxinas, entre outras medidas para o control dos establecementos que deben garantir a total calidade sanitaria dos seus produtos.

Sanidade ten postas en marcha, ademais, outras dúas iniciativas de control como son o Control sanitario a retallistas e á restauración colectiva. En ambos os dous, procédese a controlar instalacións, o procedemento de manipulación e a supervisar a procedencia das mercadorías que se subministran neste tipo de establecementos. No caso concreto dos moluscos bivalvos, estes só poden ser adquiridos polos responsables dos establecementos a establecementos autorizados e nunca directamente aos produtores.

Sanidade vén aumentando o número de controis que realiza aos produtos alimenticios co fin de poderlle garantir á poboación a súa salubridade e minimizar os riscos para a saúde da poboación. Concretamente, no ano 2007, Sanidade realizou 41.203 inspeccións das



que 9.094 foron a restaurantes, 10.000 a retalistas, 4.526 a almacéns e 10.187 a industrias. Como resultado destas actuacións tramitáronse expedientes por infraccións a 398 establecementos.

Campañas de información e divulgación á cidadanía

As consellerías de Pesca e Sanidade veñen realizando campañas de información á cidadanía, a través dos medios de comunicación e outras vías, para trasladarles a importancia de adquirir moluscos bivalvos perfectamente identificados nos centros autorizados de venda.